


PARZAMIQUES d'inverno



↓ Manuel García-Galano

Pepín del Amurolo vivía con súa irmá Casilda, corentúa como él, na casa que tían nel Regato da Fonte, que taba algo arredada del pequeno peteiro que compoñía a aldea, y si é verdá qu'úa das condicións pra ser feliz na vida é a de conformarse col qu'ún ten, Pepín pode dicirse qu'era un home satisfeito

col pouco que tía, xa que sou padre, que morira sendo inda novo, nun yes deixara al irse máis fortuna qu'úa casía froxa y un bocadín de terra, y súa madre abondo fixera con crialos a él y á irmá luitando cua probeza.

Pepín cuase nunca salía del Regato da Fonte, pos nin el servicio militar fixera por nun dar a talla. Però lo que Dios nun ye dera en corpo sí yo dera en habilidá, xa qu'era un home mañoso y al xeito pra lamar de cousas; sabía correr el nabo ás vacas como naide con un bastón de bola qu'heredara d'un tío sou que vivía nas Murolas; fixera galochas de mozo y dábbasey mucho ben el oficio; enxaretaba as dopras como poucos, y era quen a esmelgar as abeyas a cabeza descuberta, cousa que nun se cría sin velo; como nun se cría que tocase tan ben a gaita sin haber tido máis maestros qu'el recordo de cómo lo fía sou padre, de quen heredara el instrumento.

Pepín era máis ben vergonzoso y por elo pouco falador y víase a miudo rodiado de rapacíos cos que se topaba muito ben, pos parecíay qu'aparexaba muito miyor con ellos que cua «xente grande»,

anque os nenos nun deixasen de ferye de vez en condo algúa falcatrúa, pois si ben nun era miga fato había quen dicía que ye faltaba úa «coción». Outros, máis respetuosos nos xuicios, nun iban tan aló y tíanlo como un infeliz, dándoye á palabra non a aceución de disgraciado sinón a d'inocente, d'home al bon fin.

A Pepín nun se ye entoxaba nada que nun tuvесе y inda del pouco que tía daba a maos chías a os que taban al redor d'él. Y sempre sorrindo, sempre con aquela caría de neno grande dende que s'erguía hasta que se deitaba.

El gobierno da casa levábalo a irmá y, gracias a axuda que yes supoñía a pequena pensión que yes quedara de súa madre, iban vivindo sin muiitos apretamentos, máis ben polas poucas ambicións que tían que por outra cousa. Però aquel inverno de tantas augas, que talmente parecía qu'as nubes romperan todas alí derriba del Regato da Fonte, tróuxoye a Casilda el acordo de que sou irmao podería sacar algús perróis si se puxese outra vez a fer galochas. Y convencéulo axina pra que buscase a quen ye axudase a tumar dúas ou tres bidureiras del Covo de Baxo—qu'había ben d'elas— y que dispuxese os tarcos de galocheiro que tía deixados dende que se fora imponendo el calzado de goma.

—Si nun se venden na casa vou eu con elas á feria de Bual, y xa verás cómo mas quitan das maos —díxoye Casilda pra convencelo.

Y Pepín, que nun era quén a dicir que non a nada, limpióu as légaras, preparóu el banco, mangóu el tarabelo y quitóu el ferruxo á cuitela, afilóu a brosa y a eixola y antes d'oito días xa taba posto al trabayo que ye propuxera súa irmá, instalado debaxo del pequeno cabanón da casa que daba al camín pól que pasaban a miudo os vecíos, algo sorprendidos de que reemprendese un oficio que xa tían como esqueicido, cousa que yes pintaba muito ben.

—Pepín, ¿volviche ás galochas, ho?; fais ben, qu'è lo miyor pral inverno.

Ou tamén:

—¿Fais nomáis pra vosoutros ou son tamén pra vender?

Y cousas d'ese xeito. Però sin que naide ye puxese tachas al trabayo, porque sabían ben que Pepín podería nun tar mui al tanto del qu'era a Unión Europea, ou el euro, ou el por qué sube y baxa a Bolsa, xa qu'as súas preocupacións iban por outros camiós, pero el oficio de galocheiro tíalo tan ben depreso que yo reconocían todos os vecíos sin gastárenye ningún tipo de broma que noutras cousas —como a de figurados cortexamentos que ye inventaban— sí que ye fían a miudo algús, y entre elos Reimundo das Penasoucas, qu'era un coñón, y que lo volvía tolo perguntándoye:

—¿Cóndo te casas, Pepín?

Y Pepín sempre agachaba a cabeza reconecendo qu'esa pregunta nunca podería respondela afirmativamente.

Ou Rebastiana, moza atrevida y provocadora que ye dicía a os domingos, condó se xuntaba a moxedá debaxo del cabildro del iglesia:

—Pepín, si nos tocas a gaita, douche un chuchó.

Y Pepín tocábayes a gaita sin cuntar col pago de Rebastiana, porque él era así de servicial con todos.

Chegaron as navidades y veu de vacacióis á aldea Rosendo de Peruyo, que taba empriado na televisión en Uviedo, y en conto víu a tendalada de galochas que tía Pepín debaxo del cabanón y el sou taller en actividá, amañóu de xeito que, a os poucos días, un equipo de rodaxe que daquela taba fendo úa recoyida de datos da artesanía del Principado xa filmaba nel taller de Pepín, qu'hasta respondéu con muito apromo ás preguntas qu'el repoteiro ye fexo sin qu'el noso personaxe dese máis importancia á costión.

Peró, ¡ah, coño!, condo a os poucos días, chamado con urxencia por Salvador, el taberneiro, foi aló ás carreiras y se víu nel televisor manexando as ferramentas y falando col entrevistador, el corpo empezóu a espelírseye y féxoye tal efeuto verse y ouguirse alí, que reloucaba de contento.

Condo salía da taberna de Salvador, despós de tomar un par de vasíos pra celebrar el acontecemento, y finchado como un babuyo, topóuse con Reimundo das Penasoucas que, a xeito de saludo, ye espetóu a pregunta de sempre:

—¿Cóndo te casas, Pepín?

Y Pepín, con úa resolución que nunca tuvera, nun agachóu a cabeza como outras veces, nun miróu pral tarrén como avezaba, sinón que, sentíndose de sutaque un home y mirándoye pra os oyo, contestóuye:

—¡Condo me día a gana!, ¿entendes?, condo me día a gana. ¡Y si ques saber quén soi eu pergúntayes a os da televisión!

